
O CONCELLO DE PORTO DO SON ORGANIZA UN CURSO DE MOBILIZACIÓN DE PERSOAS DEPENDENTES E PREVENCIÓN DE ÚLCERAS POR PRESIÓN.

A acción formativa, de catro horas de duración, vai ter lugar o venres 10 de febreiro na Casa da Cultura de Porto do Son.

O Concello de Porto do Son, en colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns –dependente da Consellería de Sanidade- organiza unha acción formativa sobre Mobilización de Persoas Dependentes e Prevención de Úlceras por Presión (4h) que vai ter lugar o venres día 10 de febreiro en horario de 16.00h a 20.00h (Casa da Cultura de Porto do Son).

Esta acción formativa, de carácter gratuíto, está dirixida a pacientes, familiares de pacientes, cuidadores e cidadanía en xeral.

PROGRAMA:

- ✓ Coidados en dependentes: técnicas de mobilización de persoas con dificultade da mobilidade, prevención de caídas, etc.
- ✓ Úlceras por presión: qué son e por qué xorden. Prevención.
- ✓ Cambios posturais
- ✓ Adaptacións técnicas para o coidado das úlceras por presión.
- ✓ Etc.

A sesión correrá a cargo de Victor Iglesias Vigo, Enfermeiro da Área sanitaria de Santiago . SERGAS.

As persoas interesadas deben enviar a correspondente folla de inscrición (en adxunto) ao enderezo electrónico: maria.santos.lemina@portodoson.gal

As prazas, limitadas, asignaranse por orde de inscrición.

Porto do Son, 10 de xaneiro de 2023.